

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE EDUCACIÓN

12621 *Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto, sobre expedición de títulos universitarios oficiais.*

A nova ordenación das ensinanzas universitarias oficiais establecida mediante Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, modificado polo Real decreto 861/2010, do 2 de xullo, comportou que as universidades españolas impartan ensinanzas de grao, máster e doutoramento conducentes á obtención dos correspondentes títulos oficiais.

Desde a entrada en vigor das indicadas normas e tras a verificación dos correspondentes títulos, as universidades incorporaron ás súas ofertas formativas ensinanzas conducentes á obtención de títulos de graduado, máster universitario ou doutor, respecto ás cales corresponde agora, de conformidade co disposto no artigo 3.2 do citado real decreto, establecer os requisitos básicos sobre o seu formato, texto e o procedemento para a súa expedición.

Mediante este real decreto créase tamén o Rexistro Nacional de Titulados Universitarios Oficiais, que integrará, ademais dos datos concernentes aos futuros egresados das universidades españolas que conclúan os seus estudos de graduado ou graduada, máster ou doutoramento, os datos existentes no Rexistro Nacional de Títulos Universitarios Oficiais creado polo Real decreto 1496/1987, do 6 de novembro, sobre obtención, expedición e homologación de títulos universitarios, e constituirase, deste modo, un arquivo único de referencia de titulados universitarios oficiais.

Os reais decretos 1393/2007 e 861/2010, na máxima expresión da autonomía universitaria, posibilitaron que sexan as propias universidades as que creen e propoñan, de acordo coas regras establecidas, as ensinanzas e os títulos que deban impartir, incluíndo tamén a posibilidade de expedir títulos conxuntos con outras universidades españolas ou estranxeiras.

A presente norma inclúe para estes supostos os formatos dos correspondentes títulos que se obteñan tras a superación de programas conxuntos en ensinanzas de grao, máster e doutoramento. Dentro destes programas destaca pola súa excelencia e patrocinio da Comisión Europea, o programa Erasmus Mundus, respecto do cal este real decreto determina unhas características singulares para a expedición dos títulos que se obteñan tras a superación dos programas conxuntos creados por consorcios internacionais amparados en tal programa.

Así mesmo, de conformidade co disposto no Real decreto 1044/2003, do 1 de agosto, regulador do procedemento para a expedición polas universidades do suplemento europeo ao título, nesta norma determínanse os contidos integradores do modelo de suplemento inherentes aos títulos de graduado, máster universitario e doutor.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas no seo da Conferencia Xeral de Política Universitaria e emitiron informe o Consello de Universidades e a Axencia Española de Protección de Datos.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Educación, coa aprobación previa da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de xullo de 2010,

DISPONGO:

CAPÍTULO I

Normas xerais

Artigo 1. *Obxecto*

1. Este real decreto ten por obxecto a regulación dos requisitos e do procedemento para a expedición dos títulos correspondentes ás ensinanzas universitarias oficiais de grao, máster e doutoramento, en cumprimento do establecido no artigo 3.2 do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.

2. Así mesmo, mediante esta norma establécense as condicións e o procedemento polo cal as universidades españolas poderán expedir o suplemento europeo ao título destas ensinanzas, co fin de promover a mobilidade de titulados no espazo europeo de educación superior.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación*

As disposicións contidas neste real decreto serán de aplicación á expedición de títulos universitarios oficiais en todo o territorio nacional polas universidades españolas públicas e privadas, así como á dos suplementos europeos a tales títulos.

Artigo 3. *Títulos oficiais*

1. Os títulos oficiais a que fai referencia o artigo 1 son os de graduado ou graduada, máster universitario e doutor ou doutora, referidos respectivamente á superación do primeiro, segundo e terceiro ciclo dos estudos universitarios.

2. Estes títulos serán expedidos, en nome do rei, polo reitor ou reitores da universidade ou universidades correspondentes, de acordo cos requisitos que respecto ao seu formato, texto e procedemento de expedición se establecen nesta norma.

3. Os títulos universitarios oficiais terán validez en todo o territorio nacional e facultarán os seus posuidores para desfrutar dos dereitos que en cada caso outorguen as disposicións vixentes.

4. Os títulos universitarios oficiais, expedidos de conformidade co previsto neste real decreto, producirán efectos plenos desde a data da completa finalización dos estudos correspondentes á súa obtención.

Artigo 4. *Rexistro Nacional de Titulados Universitarios Oficiais*

1. Sen prexuízo dos rexistros universitarios de títulos oficiais de cada universidade, créase no Ministerio de Educación o Rexistro Nacional de Titulados Universitarios Oficiais en que se inscribirán os títulos universitarios oficiais con carácter previo á súa expedición, que terá carácter público e estará adscrito á Subdirección Xeral de Títulos e Recoñecemento de Cualificacións.

2. O Rexistro Nacional de Titulados Universitarios Oficiais integrará os datos que figuran no Rexistro Nacional de Títulos creado polo Real decreto 1496/1987, do 6 de novembro. A creación e o mantemento do rexistro levarase a cabo cos medios económicos e materiais da Subdirección Xeral de Títulos e Recoñecemento de Cualificacións.

3. O acceso ao Rexistro Nacional de Titulados Universitarios Oficiais, que contén datos de carácter persoal, realizarase nos termos establecidos no artigo 37 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

CAPÍTULO II

Expedición de títulos universitarios oficiais de grao*Artigo 5. Títulos de grao*

1. Os títulos universitarios oficiais de grao obtéñense tras a superación das correspondentes ensinanzas que teñen como finalidade a obtención dunha formación xeral orientada ao exercicio profesional de acordo coa normativa vixente.

2. A denominación destes títulos será: graduado ou graduada en T, con mención, de ser o caso, en M, pola universidade U, sendo T a denominación específica do grao, M a correspondente á mención e U a denominación da universidade que o expide. Os títulos oficiais de grao expediranse coa denominación que, en cada caso, figure no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos. Esta denominación quedará reservada en exclusiva para cada un deles.

3. A expedición material destes títulos recollerá, xunto á expresión da súa denominación específica, incluída, de ser o caso, a correspondente mención, e a referencia expresa á súa condición de ensinanzas de grao, alusión ao seu carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, así como indicación do acordo do Consello de Ministros polo cal se establece a oficialidade do título, de conformidade cos modelos establecidos nos anexos I.A e I.B deste real decreto.

4. Nos supostos en que se acredite a superación de máis dunha mención vinculada a un mesmo título de grao, procederá a expedición dun único título de graduado ou graduada, en cuxo anverso figurará unha delas, e faranse constar as restantes no reverso.

Artigo 6. Expedición de títulos conxuntos de grao obtidos tras a superación dun plan de estudos conxunto entre universidades españolas

1. A expedición de títulos conxuntos de grao obtidos tras a superación dun plan de estudos conxunto entre dúas ou máis universidades españolas, de conformidade co previsto no artigo 3.4 do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, rexerese, ademais de polo disposto neste real decreto, polo establecido no convenio que para eses efectos subscribisen as respectivas universidades.

2. A denominación destes títulos será: graduado ou graduada en T con mención, de ser o caso, en M, polas universidades UU, sendo T o nome específico do título, M o correspondente á mención e UU a denominación das universidades participantes no plan de estudos conxunto. Os títulos conxuntos de grao expediranse coa denominación que, en cada caso, figure no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos. Esta denominación quedará reservada en exclusiva para cada un deles.

3. O título será expedido conxuntamente polos reitores das universidades participantes e a súa expedición materializarase nun único documento, en que consten os emblemas e atributos daquelas e as sinaturas impresas dos reitores de todas as universidades participantes, de conformidade cos modelos previstos nos anexos II.A e II.B deste real decreto.

Artigo 7. Expedición de títulos conxuntos de grao obtidos tras a superación dun plan de estudos conxunto entre universidades españolas e estranxeiras

1. A expedición dos títulos conxuntos de grao obtidos tras a superación dun plan de estudos conxunto entre universidades españolas e estranxeiras, de conformidade co previsto no artigo 3.4 do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, rexerese, ademais de polo disposto neste real decreto, polo establecido no convenio que para estes efectos subscribisen as respectivas universidades que, en todo caso, deberá cumprir os requisitos que se establecen nos seguintes puntos.

2. A denominación destes títulos será: graduado ou graduada en T con mención, de ser o caso, en M, polas universidades UU, sendo T o nome específico do título, M o

correspondente á mención e UU a denominación das universidades españolas e estranxeiras participantes no plan de estudos conxunto. Os títulos conxuntos de grao expediranse coa denominación que, en cada caso, figure no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos. Esta denominación quedará reservada en exclusiva para cada un deles.

3. O convenio a que se refire o punto 1 anterior deberá especificar cal será a universidade responsable da expedición material e o rexistro do título:

a) Cando o convenio estipule que o título será expedido pola universidade ou universidades españolas, o título expedirase de acordo co establecido neste real decreto e incorporará mención expresa do plan de estudos conxunto que confire o dereito á súa obtención, segundo modelos establecidos nos anexos III.A e III.B deste real decreto. Neste suposto os expedientes serán custodiados pola universidade española que corresponda segundo o establecido no convenio.

b) Cando, de acordo co estipulado no convenio a expedición do título lle corresponda á universidade estranxeira, para producir efectos en España o título deberá ser presentado ante unha das universidades españolas asinantes do convenio, para que esta inclúa unha dilixencia en que se sinale o título oficial de grao que corresponda e proceda aos trámites necesarios para a súa anotación no Rexistro Nacional de Titulados Universitarios Oficiais, segundo modelo establecido no anexo X.

CAPÍTULO III

Expedición de títulos oficiais de máster universitario

Artigo 8. Títulos de máster universitario

1. Os títulos oficiais de máster universitario obtéñense tras a superación das correspondentes ensinanzas que teñen como finalidade a adquisición polo estudante dunha formación avanzada, de carácter especializado ou multidisciplinar.

2. A denominación destes títulos será máster universitario en T, de ser o caso, na especialidade de E, pola universidade U, sendo T a denominación específica do máster, E o da especialidade e U a denominación da universidade que o expide. Os títulos oficiais de máster universitario expediranse coa denominación que, en cada caso, figure no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos. Esta denominación quedará reservada en exclusiva para cada un deles.

3. A expedición material destes títulos recollerá, xunto á expresión da súa denominación específica e a referencia expresa á súa condición de ensinanzas de máster, alusión ao seu carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, así como, de ser o caso, mención expresa á especialidade cursada, segundo o modelo previsto no anexo IV.

4. Nos supostos en que se acredite a superación de máis dunha especialidade vinculada a un mesmo título de máster universitario, procederá a expedición dun único título en cuxo anverso figurará unha delas e faranse constar as restantes no reverso.

Artigo 9. Expedición de títulos conxuntos de máster universitario obtidos tras a superación dun plan de estudos conxunto entre universidades españolas

1. A expedición de títulos conxuntos de máster universitario obtidos tras a superación dun plan de estudos conxunto entre dúas ou máis universidades españolas, de conformidade co previsto no artigo 3.4 do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, rexerese, ademais de polo disposto neste real decreto, polo establecido no convenio que para eses efectos subscribisen as respectivas universidades.

2. A denominación destes títulos será: máster universitario en T, de ser o caso, na especialidade de E, polas universidades UU, sendo T o nome específico do título, E o da especialidade e UU a denominación das universidades participantes no plan de estudos conxunto. Os títulos conxuntos de máster universitario expediranse coa denominación

que, en cada caso, figure no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos. Esta denominación quedará reservada en exclusiva para cada un deles.

3. O título será expedido conxuntamente polos reitores das universidades participantes e a súa expedición materializarase nun único documento, en que consten os emblemas e atributos daquelas e as sinaturas impresas dos reitores de todas as universidades participantes, de conformidade co modelo previsto no anexo V deste real decreto.

Artigo 10. Expedición de títulos conxuntos de máster universitario obtidos tras a superación dun plan de estudos conxunto entre universidades españolas e estranxeiras

1) A expedición de títulos conxuntos de máster universitario obtidos tras a superación dun plan de estudos conxunto entre universidades españolas e estranxeiras, de conformidade co previsto no artigo 3.4 do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, rexerese, ademais de polo disposto neste real decreto, polo establecido no convenio que para eses efectos subscribisen as respectivas universidades que, en todo caso, deberá cumprir os requisitos que se establecen nos seguintes puntos.

2) A denominación destes títulos será: máster universitario en T, de ser o caso, na especialidade de E, polas universidades UU, sendo T o nome específico do título, E da especialidade e UU a denominación das universidades españolas e estranxeiras participantes no plan de estudos conxunto. Os títulos conxuntos de máster universitario expediranse coa denominación que, en cada caso, figure no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos. Esta denominación quedará reservada en exclusiva para cada un deles.

3) O convenio a que se refire o punto 1 anterior deberá especificar cal será a universidade responsable da expedición material e rexistro do título:

a) Cando o convenio estipule que o título será expedido pola universidade ou universidades españolas, o título expedirase de acordo co establecido neste real decreto, e incorporará mención expresa do plan de estudos conxunto que dá dereito á súa obtención, segundo modelo establecido no anexo VI deste real decreto. Neste suposto os expedientes serán custodiados pola universidade española que corresponda segundo o establecido no convenio.

b) Cando, de acordo co estipulado no convenio, a expedición do título lle corresponda á universidade estranxeira, para producir efectos en España o título deberá ser presentado ante unha das universidades españolas asinantes do convenio, para que esta inclúa unha dilixencia en que se sinala o título oficial de máster universitario que corresponda e proceda aos trámites necesarios para a súa anotación no Rexistro Nacional de Titulados Universitarios Oficiais, segundo modelo establecido no anexo X.

CAPÍTULO IV

Expedición de títulos oficiais de doutor

Artigo 11. Títulos de doutor

1. Os títulos oficiais de doutor obtéñense tras a superación das correspondentes ensinanzas que teñen como finalidade a adquisición das competencias e habilidades relacionadas coa investigación científica de calidade e finalizarán coa elaboración e defensa dunha tese de doutoramento que incorpore resultados orixinais de investigación.

2. A denominación do título de doutor será: doutor ou doutora pola universidade U, sendo U a denominación da universidade que expide o título, e incluírá información que especifique o campo de coñecemento sobre o cal se elaborou a tese de doutoramento. Os títulos oficiais de doutor expediranse coa denominación que, en cada caso, figure no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos. Esta denominación quedará reservada en exclusiva para cada un deles.

3. A expedición material destes títulos recollerá referencia expresa á súa condición de ensinanzas de doutoramento e alusión ao seu carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, segundo o modelo previsto no anexo VII.

4. Poderá incluír, de ser o caso, a mención cum laude, de conformidade co establecido para a defensa e avaliación da tese de doutoramento na súa normativa específica.

5. Así mesmo, no anverso do título de doutor ou doutora poderá figurar a mención «doutor europeo», sempre que concorran as circunstancias establecidas para o efecto na súa normativa reguladora.

Artigo 12. Expedición de títulos conxuntos de doutor obtidos tras a superación dun programa conxunto entre universidades españolas

1. A expedición de títulos conxuntos de doutor obtidos tras a superación dun programa de doutoramento conxunto entre dúas ou máis universidades españolas, de conformidade co previsto no artigo 3.4 do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, rexerese, ademais de polo disposto neste real decreto, polo establecido no convenio que para eses efectos subscribisen as respectivas universidades.

2. A denominación do título de doutor será: doutor ou doutora polas universidades UU, sendo UU a denominación das universidades participantes no programa conxunto, e incluírá información que especifique o campo de coñecemento sobre o cal se elaborou a tese de doutoramento. Os títulos conxuntos de doutor expediranse coa denominación que, en cada caso, figure no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos. Esta denominación quedará reservada en exclusiva para cada un deles.

3. O título será expedido conxuntamente polos reitores das universidades participantes e a súa expedición materializarase nun único documento en que consten os emblemas e atributos daquelas e as sinaturas impresas dos reitores de todas as universidades participantes, de conformidade co modelo previsto no anexo VIII deste real decreto.

Artigo 13. Expedición de títulos conxuntos de doutor obtidos tras a superación dun programa conxunto entre universidades españolas e estranxeiras

1. A expedición dos títulos conxuntos de doutor obtidos tras a superación dun programa de doutoramento conxunto entre dúas ou máis universidades españolas e estranxeiras, de conformidade co previsto no artigo 3.4 do Real decreto 1393/2007 rexerese, ademais de polo disposto neste real decreto, polo establecido no convenio que para eses efectos subscribisen as respectivas universidades que, en todo caso, deberá cumprir os requisitos que se establecen nos seguintes puntos.

2. A denominación destes títulos será: doutor ou doutora polas universidades UU, sendo UU a denominación das universidades españolas e estranxeiras participantes no programa conxunto, e incluírá información que especifique o campo de coñecemento sobre o cal se elaborou a tese de doutoramento. Os títulos conxuntos de doutor expediranse coa denominación que, en cada caso, figure no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos. Esta denominación quedará reservada en exclusiva para cada un deles.

3. O convenio a que se refire o punto 1 anterior deberá especificar cal será a universidade responsable da expedición material e rexistro do título:

a) Cando o convenio estipule que o título será expedido pola universidade ou universidades españolas, o título expedirase de acordo co establecido neste real decreto e incorporará mención expresa do programa de doutoramento conxunto que dá dereito á súa obtención, segundo modelo establecido no anexo IX deste real decreto. Neste suposto os expedientes serán custodiados pola universidade española que corresponda segundo o establecido no convenio.

b) Cando, de acordo co estipulado no convenio, a expedición do título lle corresponda á universidade estranxeira, para producir efectos en España o título deberá ser presentado ante unha das universidades españolas asinantes do convenio, para que esta inclúa unha dilixencia en que se sinala o título oficial de doutor que corresponda e proceda aos trámites

necesarios para a súa anotación no Rexistro Nacional de Titulados Universitarios Oficiais, segundo modelo establecido no anexo X.

CAPÍTULO V

Procedemento de expedición de títulos oficiais

Artigo 14. *Solicitud*

1. Unha vez superados os estudos universitarios conducentes á obtención dunha determinada titulación oficial, o interesado poderá solicitar a expedición do correspondente título ante o órgano competente da universidade en que os finalizase. O expediente constará dos seguintes documentos:

- a) Solicitud do interesado de expedición do título, dirixida ao reitor da universidade.
- b) Acreditación dos datos de identidade do interesado.
- c) Acreditación do pagamento da taxa por expedición do correspondente título.

2. Completado o expediente a que se refire o punto anterior, a universidade expedirá unha certificación supletoria provisional que substituirá o título e gozará de idéntico valor para os efectos do exercicio dos dereitos a el inherentes. Esta certificación incluírá os datos esenciais que deben figurar no título correspondente, o número de rexistro nacional de titulados universitarios oficiais e será asinada polo reitor.

Artigo 15. *Comunicación ao Rexistro Nacional de Titulados Universitarios Oficiais*

1. En relación cos títulos oficiais que expidan, as universidades axustaranse ás normas de organización e procedemento dos rexistros universitarios de títulos oficiais que se establezan ao respecto, tendo en conta o principio de coordinación co Rexistro Nacional de Titulados Universitarios Oficiais do Ministerio de Educación.

2. Para tal efecto, o director xeral de Política Universitaria ditará as oportunas instrucións sobre procedemento informático e de verificación documental, co fin de constituír a correspondente base de datos en conexión coa das respectivas universidades.

Artigo 16. *Soporte documental ou físico e requisitos*

1. A cartolina soporte dos títulos, de idéntico tamaño para todos eles, será de material especial con determinadas claves de autenticidade, normalizado en formato UNE A-3, de acordo coas prescricións técnicas e de seguridade determinadas no anexo XI. Por resolución do director xeral de Política Universitaria determinaranse as condicións de subministración destas cartolinas ás universidades.

2. As cartolinas levarán incorporado o escudo nacional no ángulo superior esquerdo. Estarán numeradas mediante serie alfanumérica, cuxo control corresponderá ás unidades responsables do proceso de expedición dos títulos.

3. As universidades adoptarán, para os títulos que expidan, os atributos, cores, orlas e demais grafismos que consideren convenientes, sen máis limitacións que as establecidas neste real decreto. Así mesmo, poderán incorporar aos títulos que expidan o seu propio escudo ou outros, nunca en maior tamaño ca o escudo nacional.

4. Os títulos levarán impreso todo o seu texto, así como a sinatura do reitor ou reitores das universidades correspondentes. Non se permitirá a incorporación de ningunha inscrición non impresa, salvo a sinatura do interesado e a do responsable da unidade de títulos oficiais da universidade.

5. Cada universidade, previamente á súa entrega ao interesado, efectuará no título unha estampación en seco do seu selo oficial, igual para todos os títulos que expida. Remitirá mostra deste motivo á Subdirección Xeral de Títulos e Recoñecemento de

Cualificacións deste departamento, para os efectos de coñecemento e control de autenticidade.

Artigo 17. *Personalización do título*

1. Os títulos universitarios oficiais incluírán no seu anverso, ademais das mencións que se sinalan noutros artigos desta norma, os seguintes datos:

a) Referencia expresa a que o título se expide en nome do rei, consonte a fórmula recollida nos anexos deste real decreto.

b) Nome e apelidos da persoa interesada, tal e como figuren no seu documento nacional de identidade ou pasaporte válido e en vigor expedido pola autoridade competente do país de orixe ou noutro documento de identidade en vigor válido para estes efectos no Estado membro correspondente.

c) Lugar e data de nacemento, así como nacionalidade da persoa interesada.

d) Data de finalización dos estudos, que será a da completa superación das ensinanzas que dan dereito á súa obtención.

e) Lugar e data de expedición do título.

f) Sinatura da persoa interesada, do responsable da unidade de títulos oficiais da universidade e do reitor ou reitores das universidades.

g) Se procede, inclusión da mención de cum laude así como da mención «doutor europeo».

h) Mención das causas legais que, de ser o caso, afecten a eficacia do título. Cando así proceda, farase constar se se trata de expedición dun duplicado, así como das causas que motivaron esta expedición.

i) Claves oficiais do título que se expide. A primeira estará composta polos códigos correspondentes á universidade, ao centro e ao número de rexistro universitario. A segunda corresponderá ao número asignado polo Rexistro Nacional de Titulados Universitarios Oficiais.

2. No reverso dos títulos universitarios oficiais faranse constar os mesmos datos relativos á clave alfanumérica do soporte, códigos de universidade e centro, número de rexistro universitario de títulos oficiais e número do Rexistro Nacional de Titulados Universitarios Oficiais, co fin de identificar as dúas partes do título. Constará tamén o lugar e data de expedición do título e a sinatura do responsable da unidade de títulos oficiais da universidade.

Artigo 18. *Lingua de expedición dos títulos universitarios oficiais*

1. Os títulos oficiais expediranse en castelán. As universidades radicadas nas comunidades autónomas con lingua oficial expedirán os títulos en texto bilingüe nun só documento redactado en castelán e na outra lingua da correspondente comunidade autónoma.

2. No caso de plans de estudos conxuntos entre universidades españolas situadas en comunidades autónomas con diferentes linguas oficiais propias que dean lugar á expedición dun único título, o convenio a que se refire o artigo 3.4 do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, deberá determinar as linguas que figurarán no título, entre as cales se deberá incluír necesariamente o castelán.

3. No caso de plans de estudos conxuntos entre universidades españolas e estranxeiras que dean lugar á expedición dun único título, cando esta expedición lle corresponda á universidade española de acordo co correspondente convenio, o título, ademais de se expedir en lingua española, poderá incluír outras, segundo o estipulado no convenio.

Artigo 19. *Taxas*

As taxas que deban aboar os interesados, nos casos e polos conceptos que procedan, constituirán ingresos exixibles polo órgano competente que expida os títulos.

Artigo 20. *Procedemento de reexpedición*

Por instancia do interesado e logo do aboamento das correspondentes taxas, procederá a expedición de duplicado dun título nos casos de extravío, roubo, destrución total ou parcial ou rectificación do orixinal. Será requisito imprescindible a publicación no «Boletín Oficial del Estado» co obxecto de propiciar, de ser o caso, as oportunas reclamacións.

Disposición adicional primeira. *Suplemento europeo ao título*

Unha vez superados os estudos conducentes aos títulos de grao, máster ou doutor regulados polo Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, o interesado poderá solicitar na correspondente universidade a expedición do suplemento europeo ao título, de acordo cos modelos establecidos nos anexos XII.A e XII.B. A expedición deste documento terá carácter gratuíto.

O documento soporte dos suplementos europeos que se expidan será de idéntico tamaño para todos eles, normalizado en formato UNE - A3 (pregado A4) (modelo de papel de seguridade).

Disposición adicional segunda. *Expedición de títulos correspondentes ao programa conxunto internacional Erasmus Mundus*

Os títulos obtidos tras a superación do programa conxunto internacional Erasmus Mundus, cando teñan que ser expedidos por unha universidade española participante no correspondente consorcio, farano de acordo co formato establecido nos modelos do anexo XIII e de acordo coas características técnicas que estableza para o efecto o Ministerio de Educación.

Disposición adicional terceira. *Títulos de especialistas en Ciencias da Saúde*

Modifícanse a letra d) e os dous últimos parágrafos do punto 1 do artigo 3 do Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro, polo que se determinan e clasifican as especialidades en Ciencias da Saúde e se desenvolven determinados aspectos do sistema de formación sanitaria especializada, que quedan redactados nos seguintes termos:

«d) A data de finalización do programa formativo da especialidade de que se trate, que será común para os residentes da mesma promoción e especialidade, salvo os supostos de repetición de curso, revisión das avaliacións ou outras causas de prórroga ou suspensión do período formativo previstas neste real decreto e na lexislación que regula a relación laboral especial de residencia.

Emitida a orde de concesión e logo do aboamento das correspondentes taxas, os interesados poderán solicitar a expedición material do título, en cuxa denominación se fará constar o título universitario a través do cal se accedeu á especialidade de que se trate, a duración en anos do período de formación e a data de finalización do programa formativo, que será a data de efectos plenos do título de especialista.

A data de expedición do título será a de aboamento das taxas. A partir do momento en que se aboen os correspondentes dereitos, o interesado poderá solicitar ao Ministerio de Educación a expedición dunha certificación supletoria provisional, que substituirá o título de especialista e gozará de idéntico valor para os efectos do exercicio dos dereitos a el inherentes.».

Disposición transitoria única. *Expedición de títulos correspondentes a ensinanzas anteriores*

A expedición dos títulos oficiais correspondentes ás ensinanzas anteriores ás establecidas no Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, así como dos suplementos europeos a estes títulos, realizarase conforme a súa normativa reguladora.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.30 da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais.

Disposición derradeira segunda. *Aplicación*

Autorízase o ministro para ditar as instrucións necesarias para a aplicación deste real decreto, así como para actualizar ou modificar, cando corresponda, o contido dos anexos desta norma.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de agosto de 2010.

JUAN CARLOS R.

O Ministro de Educación,
ÁNGEL GABILONDO PUJOL.



ANEXO I. A
(Modelo de título de grao)
[Artigo 5 deste real decreto]

JUAN CARLOS I, REI DE ESPAÑA

e no seu nome o/a

reitor/a da Universidade considerando que, conforme as disposicións e circunstancias previstas pola lexislación vixente, don/dona....., nado/a o (1)¹....., en (2)²....., de nacionalidade (3)³..... superou en (4)⁴ os estudos universitarios oficiais conducentes ao TÍTULO universitario oficial de GRADUADO/A en pola Universidade establecido polo Acordo do Consello de Ministros do (5)⁵, expide este título oficial con validez en todo o territorio nacional, que faculta o/a interesado/a para gozar dos dereitos que a este título outorgan as disposicións vixentes.

Dado en.....o.....de.....de.....

O/A interesado/a,
O/A xefe/a da Secretaría,

O/A reitor/a,

¹ Data de nacemento en formato "DD de MES de AAAA"

² Localidade de nacemento

³ Nacionalidade do/a interesado/a

⁴ Data de finalización das ensinanzas en formato "MES de AAAA"

⁵ Data do acordo do Consello de Ministros en formato "DD de MES de AAAA"



ANEXO I. B
(Modelo de título de grao con mención)
[Artigo 5 deste real decreto]

JUAN CARLOS I, REI DE ESPAÑA

e no seu nome o/a

reitor/a da Universidade considerando que, conforme as disposicións e circunstancias previstas pola lexislación vixente, don/dona....., nado/a o (6)⁶....., en (7)⁷....., de nacionalidade (8)⁸..... superou en (9)⁹..... os estudos universitarios oficiais conducentes ao TÍTULO universitario oficial de GRADUADO/A en, con MENCIÓN en pola Universidade, establecido polo Acordo do Consello de Ministros do (10)¹⁰....., expide este título oficial con validez en todo o territorio nacional, que faculta o/a interesado/a para gozar dos dereitos que a este título outorgan as disposicións vixentes.

Dado en.....o.....de.....de.....

O/A interesado/a,
O/A xefe/a da Secretaría,

O/A reitor/a,

⁶ Data de nacemento en formato "DD de MES de AAAA"

⁷ Localidade de nacemento

⁸ Nacionalidade do/a interesado/a

⁹ Data de finalización das ensinanzas en formato "MES de AAAA"

¹⁰ Data do acordo do Consello de Ministros en formato "DD de MES de AAAA"



ANEXO II. A
(Modelo de título de grao obtido tras a superación dun plan de estudos conxunto entre
universidades españolas)
[Artigo 6 deste real decreto]

JUAN CARLOS I, REI DE ESPAÑA

e no seu nome

Os/as reitores/as das universidades de, considerando que, conforme as disposicións e circunstancias previstas pola lexislación vixente, don/dona....., nado/a o (11)¹¹....., en (12)¹²....., de nacionalidade (13)¹³..... superou en (14)¹⁴..... o plan de estudos conxunto correspondente aos estudos universitarios oficiais conducentes ao TÍTULO universitario oficial de GRADUADO/A en polas citadas universidades, establecido polo Acordo do Consello de Ministros do (15)¹⁵....., expiden este título oficial con validez en todo o territorio nacional, que faculta o/a interesado/a para gozar dos dereitos que a este título outorgan as disposicións vixentes.

Dado en.....o.....de.....de.....

O/A interesado/a,
O/A xefe/a da Secretaría,

Os/as reitores/as,

¹¹ Data de nacemento en formato "DD de MES de AAAA"

¹² Localidade de nacemento

¹³ Nacionalidade do/a interesado/a

¹⁴ Data de finalización das ensinanzas en formato "MES de AAAA"

¹⁵ Data do acordo do Consello de Ministros en formato "DD de MES de AAAA"



ANEXO II. B
(Modelo de título de grao con mención obtido tras a superación dun plan de estudos
conxunto entre universidades españolas)
[Artigo 6 deste real decreto]

JUAN CARLOS I, REI DE ESPAÑA

e no seu nome

Os/as reitores/as das universidades de, considerando que, conforme as disposicións e circunstancias previstas pola lexislación vixente, don/dona....., nado/a o (16)¹⁶....., en (17)¹⁷....., de nacionalidade (18)¹⁸..... superou en (19)¹⁹..... o plan de estudos conxunto correspondente aos estudos universitarios oficiais conducentes ao TÍTULO universitario oficial de GRADUADO/A en con MENCIÓN en polas citadas universidades, establecido polo Acordo do Consello de Ministros do (20)²⁰, expiden este título oficial con validez en todo o territorio nacional, que faculta o/a interesado/a para gozar dos dereitos que a este título outorgan as disposicións vixentes.

Dado en.....o.....de.....de.....

O/A interesado/a,
O/A xefe/a da Secretaría,

Os/as reitores/as,

¹⁶ Data de nacemento en formato "DD de MES de AAAA"

¹⁷ Localidade de nacemento

¹⁸ Nacionalidade do/a interesado/a

¹⁹ Data de finalización das ensinanzas en formato "MES de AAAA"

²⁰ Data do acordo do Consello de Ministros en formato "DD de MES de AAAA"



ANEXO III. A
(Modelo de título de grao obtido tras a superación dun plan de estudos conxunto entre
universidades españolas e estranxeiras)
(Artigo 7 deste real decreto)

JUAN CARLOS I, REI DE ESPAÑA

e no seu nome o/a

reitor/a da Universidade considerando que, conforme as disposicións e circunstancias previstas pola lexislación vixente, don/dona....., nado/a o (21)²¹....., en (22)²²....., de nacionalidade (23)²³..... superou en (24)²⁴ o plan de estudos conxunto correspondente aos estudos universitarios oficiais conducentes ao TÍTULO universitario oficial de GRADUADO/A en pola/s citada/s universidade/s española/s e (25)²⁵....., establecido polo Acordo do Consello de Ministros do (26)²⁶....., expide este título oficial con validez en todo o territorio nacional, que faculta o/a interesado/a para gozar dos dereitos que a este título outorgan as disposicións vixentes.

Dado en.....o.....de.....de.....

O/A interesado/a, O/A reitor/a, Os/as reitores/as,
O/A xefe/a da Secretaría,

²¹ Data de nacemento en formato "DD de MES de AAAA"

²² Localidade de nacemento

²³ Nacionalidade do/a interesado/a

²⁴ Data de finalización das ensinanzas en formato "MES de AAAA"

²⁵ Mención do nome e lugar da/s universidade/s estranxeira/s

²⁶ Data do acordo do Consello de Ministros en formato "DD de MES de AAAA"



ANEXO III. B
(Modelo de título de grao con mención obtido tras a superación dun plan de estudos
conxunto entre universidades españolas e estranxeiras)
(Artigo 7 deste real decreto)

JUAN CARLOS I, REI DE ESPAÑA

e no seu nome o/a

reitor/a da Universidade considerando que, conforme as disposicións e circunstancias previstas pola lexislación vixente, don/dona....., nado/a o (27)²⁷....., en (28)²⁸....., de nacionalidade (29)²⁹..... superou en (30)³⁰..... o plan de estudos conxunto correspondente aos estudos universitarios oficiais conducentes ao TÍTULO universitario oficial de GRADUADO ou GRADUADA en con MENCIÓN en pola/s citada/s universidade/s española/s e (31)³¹....., establecido polo Acordo do Consello de Ministros do (32)³²....., expide este título oficial con validez en todo o territorio nacional, que faculta o/a interesado/a para gozar dos dereitos que a este título outorgan as disposicións vixentes.

Dado en.....o.....de.....de.....

O/A interesado/a, O/A reitor/a, Os/as reitores/as,
O/A xefe/a da Secretaría,

²⁷ Data de nacemento en formato "DD de MES de AAAA"

²⁸ Localidade de nacemento

²⁹ Nacionalidade do/a interesado/a

³⁰ Data de finalización das ensinanzas en formato "MES de AAAA"

³¹ Mención do nome e lugar da/s universidade/s estranxeira/s

³² Data do acordo do Consello de Ministros en formato "DD de MES de AAAA"



ANEXO IV
(Modelo de título de máster universitario)
[Artigo 8 deste real decreto]

JUAN CARLOS I, REI DE ESPAÑA

e no seu nome o/a

reitor/a da Universidade, considerando que, conforme as disposicións e circunstancias previstas pola lexislación vixente, don/dona....., nado/a o (33)³³....., en (34)³⁴....., de nacionalidade (35)³⁵..... superou en (36)³⁶..... os estudos conducentes ao TÍTULO oficial de MÁSTER UNIVERSITARIO en(de ser o caso) na especialidade de, pola Universidade establecido polo Acordo do Consello de Ministros do (37)³⁷....., expide este título oficial con validez en todo o territorio nacional, que faculta o/a interesado/a para gozar dos dereitos que a este título outorgan as disposicións vixentes.

Dado en.....o.....de.....de.....

O/A interesado/a,
O/A xefe/a da Secretaría,

O/A reitor/a,

³³ Data de nacemento en formato "DD de MES de AAAA"

³⁴ Localidade de nacemento

³⁵ Nacionalidade do/a interesado/a

³⁶ Data de finalización das ensinanzas en formato "MES de AAAA"

³⁷ Data do acordo do Consello de Ministros en formato "DD de MES de AAAA"



ANEXO V
(Modelo de título conxunto de máster universitario obtido tras a superación dun plan de estudos conxunto entre universidades españolas)
[Artigo 9 deste real decreto]

JUAN CARLOS I, REI DE ESPAÑA

e no seu nome

Os/as reitores/as das universidades....., considerando que, conforme as disposicións e circunstancias previstas pola lexislación vixente, don/dona....., nado/a o (38)³⁸....., en (39)³⁹....., de nacionalidade (40)⁴⁰..... superou en (41)⁴¹..... os estudos conducentes ao TÍTULO oficial de MÁSTER UNIVERSITARIO en (de ser o caso) na especialidade de polas citadas universidades, establecido polo Acordo do Consello de Ministros do (42)⁴²....., expiden este título oficial con validez en todo o territorio nacional, que faculta o/a interesado/a para gozar dos dereitos que a este título outorgan as disposicións vixentes.

Dado en.....o.....de.....de.....

O/A interesado/a,
O/A xefe/a da Secretaría,

Os/as reitores/as,

³⁸ Data de nacemento en formato "DD de MES de AAAA"

³⁹ Localidade de nacemento

⁴⁰ Nacionalidade do/a interesado/a

⁴¹ Data de finalización das ensinanzas en formato "MES de AAAA"

⁴² Data do acordo do Consello de Ministros en formato "DD de MES de AAAA"



ANEXO VI
(Modelo de título conxunto de máster universitario obtido tras a superación dun plan de estudos conxunto entre universidades españolas e estranxeiras)
[Artigo 10 deste real decreto]

JUAN CARLOS I, REI DE ESPAÑA

e no seu nome o/a

reitor/a da Universidade(ou, de ser o caso, reitores das universidades españolas que participan no convenio)....., considerando que, conforme as disposicións e circunstancias previstas pola lexislación vixente, don/dona....., nado/a o (43)⁴³....., en (44)⁴⁴....., de nacionalidade (45)⁴⁵..... superou en (46)⁴⁶..... os estudos conducentes ao TÍTULO CONXUNTO oficial de MÁSTER UNIVERSITARIO en (indíquese denominación específica e cítese especialidade, de ser o caso) pola/s citada/s universidade/s española/s e (47)⁴⁷....., establecido polo Acordo do Consello de Ministros do (48)⁴⁸... expide este título oficial con validez en todo o territorio nacional, que faculta o/a interesado/a para gozar dos dereitos que a este título outorgan as disposicións vixentes.

Dado en.....o.....de.....de.....

O/A interesado/a, O/A reitor/a, Os/as reitores/as,
O/A xefe/a da Secretaría,

⁴³ Data de nacemento en formato "DD de MES de AAAA"

⁴⁴ Localidade de nacemento

⁴⁵ Nacionalidade do/a interesado/a

⁴⁶ Data de finalización das ensinanzas en formato "MES de AAAA"

⁴⁷ Mención do nome e lugar da/s universidade/s estranxeira/s

⁴⁸ Data do acordo do Consello de Ministros en formato "DD de MES de AAAA"



ANEXO VII
(Modelo de título de doutor)
[Artigo 11 deste real decreto]

JUAN CARLOS I, REI DE ESPAÑA

e no seu nome o/a

reitor/a da Universidade, considerando que, conforme as disposicións e circunstancias previstas pola lexislación vixente, don/dona....., nado/a o (49)⁴⁹....., en (50)⁵⁰....., de nacionalidade (51)⁵¹..... superou en (52)⁵².....os estudos conducentes ao TÍTULO universitario oficial de DOUTOR/A pola Universidade de dentro do programa (53)⁵³....., establecido polo Acordo do Consello de Ministros do (54)⁵⁴....., expide este título oficial con validez en todo o territorio nacional, que faculta o/a interesado/a para gozar dos dereitos que a este título outorgan as disposicións vixentes.

(Indíquense, de ser o caso, mencións: *cum laude*, “doutor europeo”)

Dado en.....o.....de.....de.....

O/A interesado/a,
O/A xefe/a da Secretaría,

O/A reitor/a,

⁴⁹ Data de nacemento en formato “DD de MES de AAAA”

⁵⁰ Localidade de nacemento

⁵¹ Nacionalidade do/a interesado/a

⁵² Data de finalización das ensinanzas en formato “MES de AAAA”

⁵³ Indíquese denominación de doutoramento

